

Bases da participación nos sorteos do Arteixo CCA "Nadal de 2020-2021" BASES

1. ORGANIZA

1.1. Arteixo Centro Comercial Aberto, con CIF G15700818 (en adiante, Arteixo CCA ou a organización).

2. OBXECTO DO SORTEO

2.1. A partires dunha compra en calquera establecemento do Arteixo CCA durante período comprendido entre o 1 de decembro e o 2 de xaneiro, ou nos establecementos sinalados no Feirón dos sábados 19 e 26 de decembro e 2 de xaneiro, os clientes poderán participar nos xogos dos sábados do Arteixo CCA e optar aos premios da mesma. Non todas as participacións teñen agasallos. Algunhas son agasallos directos, outras vales de compra por valor de 5€ para consumir ata o 31 de decembro de 2020. Os clientes poderán achegarse co vale a calquera establecemento do Arteixo CCA e utilizalo na súa integridade para compras maiores de 5€.

3. PREMIOS

3.1. Coa participación nos xogos, poderanse obter os diferentes premios: 5€ en vale de compra e agasallos serigrafiados do Arteixo CCA, como son: botellíns, portamáscaras, xogos de cartas, bolsas de tela; e tamén premios variados que aportan os establecementos. Estes premios non son canxeables por cartos, nin admite cambio en efectivo. Tampouco se permite cambiar un premio por outro, independentemente do valor do premio.

3.2. Non se permite repetir unha tirada de ningún dos xogos, salvo que o resultado sexa “tira de novo”.

4. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

4.1. Poderán participar no sorteo todas as persoas maiores de 18 anos, de nacionalidade española ou residentes en España.

5. MODO DE PARTICIPACIÓN

5.1. A promoción desenvolverase os sábados 12, 19 e 26 de decembro, e 2 de xaneiro, en horario de 11:00-14:00 e 17:00-20:00.

Os participantes deberán presentar o seu ticket de compra ou vale de participación ao feirón ao persoal presente no stand e a cambio poderá facer a cantidade de tiradas relativa ao número de tickets dos que dispoña.

5.2. Antes da tirada deberán entregar o ticket, que pasará a selarse para quedar inhabilitado para seguintes tiradas. No caso de levar un vale do feirón, entregarán o vale que non será devolto. Tamén deberán seguir todos os protocolos sanitarios previa participación na ruleta.

5.3. Os produtos que se obteñan a través dun cheque regalo non terán devolución por diñeiro, pero si por outro artigo da mesma tenda. Nunca poderá cambiarse por diñeiro.

5.4. Os premios non son ilimitados, e se limitan a un número concreto de existencias. Unha vez entregados unha categoría de premios, indicárase previa tirada que premio o substituiría.

5.5. O Arteixo CCA resérvase o dereito a cancelar a promoción en caso de que se faga entrega de todos os regalos previstos para a acción.

6. LÍMITE DE PARTICIPACIÓN.

6.1. Cada participante poderá participar só unha vez por ticket de compra. Non poderán participar no concurso os e as traballadoras dos establecementos participantes na campaña.

7. XURADO E A ORGANIZACIÓN

7.1. Consituirase un xurado composto por representantes da organización e a xerencia do Arteixo CCA.

7.2. O xurado e/ou a organización terá as potestades, ademais de:

7.2.1. Descalificación dos participantes que non cumpran os requisitos esixidos ou non cumpran algunha das normas establecidas.

7.3. Os participantes aceptan e acatan expresamente os criterios e instrucións que marquen o xurado e/ou a organización en xeral e respecto de calquera conflito xurdido durante o sorteo, sen que os participantes teñan nada que reclamar ao respecto.

8. DESCALIFICACIÓN

8.1. A organización e/ou o xurado resérvanse o dereito de eliminar a calquera participante do sorteo que non cumpra os requisitos, que atente contra o uso e bos costumes, non acaten as instrucións recibidas, alugue algunha dúbida sobre a veracidade da promoción, ou se valera de sistemas e/ou programas informáticos para participar e mellorar o resultado no mesmo, alterando o normal desenvolvemento do concurso, ou actúe de forma fraudulenta.

8.2. Así mesmo, quedarán descalificados aqueles participantes que non cumpran as normas establecidas para a participación, e os que se atopen nos demais supostos previstos neste documento para ser invalidados.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

9.1. A participación na promoción supón a aceptación íntegra das bases, a expresa renuncia dos participantes a realizar impugnación algunha sobre as mesmas e ao exercicio de calquera outra acción administrativa ou xudicial que puidese corresponderlles.

9.2. Os participantes e gañadores eximen ao Arteixo CCA, así como ás empresas promotoras e colaboradoras da presente promoción das responsabilidades derivadas de problemas por forza maior ou caso fortuíto, non tendo nada que reclamar contra ningún dos entes antes reseñados.

9.3. Para a resolución de calquera dúbida sobre a mecánica, os premios ou o funcionamento da ruleta obxecto da promoción, os usuarios poden contactar co Arteixo CCA a través do correo electrónico cca@ccaarteixo.com ou no teléfono 608549011.

9.4. O Arteixo CCA resérvase o dereito a modificar, ampliar, suspender, restrinxir ou retirar a presente promoción en calquera momento, por razóns xustificadas.

10. DISPOSICIÓN DAS BASES

10.1. Tanto as bases como os detalles descritivos dos premios poderán consultarse no Arteixo CCA (rúa Mestre Mateo nº10, Baixo) ou na páxina ccaarteixo.com

En Arteixo, a 22 de decembro de 2020.